



POC TECOR A LANZADA

ALFONSO POMBO REY

ENRIQUE MARÍA VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO / XANA ÁLVAREZ BERMÚDEZ

CURSO 2015/16

Plan de ordenación cinexético do tecor A Lanzada que ocupa toda a extensión do concello de Sanxenxo, cunha duración de cinco anos, adaptado a nova lei de caza de Galicia e as peculiaridades do propio tecor, buscando o aproveitamento do monte de toda a cidadanía dunha forma equilibrada e sostible, durante o presente plan de ordenación cinexético.



A fauna cinexética é un recurso natural renovable que co seu aproveitamento proporciona múltiples utilidades económicas, social e riqueza ambiental a nosa comunidade. A agricultura experimentou uns cambios moi grandes na última década, e do mesmo modo eses cambios de xestionar a terra e o monte aféctalle a caza, a cal, co paso do tempo pasou de ser un recurso alimentario a converterse nunha actividade de ocio nunha sociedade cada vez máis urbana, a cal busca novas emocións na natureza, este cambio na utilización da caza con leva que en moitos casos que a demanda supera a oferta cinexética existente, traducíndose nun desequilibrio cunha excesiva presión sobre caza levando a un declive das súas poboacións.

É preciso co aproveitamento da caza que non afecte a súa conservación pois é patrimonio do conxunto da sociedade, ademais da súa relación coas demais especies en vía de extinción, vedadas e con poboacións minguadas.

